

Fronda


Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

n.º 74

ano 12

xaneiro-febreiro 2018

Os arquivos dos mosteiros (III) A RIBEIRA SACRA NO ANO EUROPEO DO PATRIMONIO



En 1193 o abade don Martiño e demais monxes do mosteiro de **Santa Cristina de Ribas de Sil** recibían de **Sancha Peláez** dous casais que herdara do seu avó Fernando Sánchez sitos nas vilas de *Teimenendi* (Teimende) e *Planum Ecclesiae* (Chandrexa). A doazón plas-mouse por escrito e formalizouse ante seis persoas que actuaron como confirmantes ou testemuñas, tres deles relixiosos que seguramente fosen monxes da comunidade de Ribas de Sil.

Frei **Sancho**, outro monxe do mosteiro, encargouse da elaboración do documento de **doazón**, como el mesmo indica ao remate do texto: “Sanctius, monachus Sancte Christine frater, scripsit”. Como **scriptor** ou escriba recolleu por escrito a vontade de Sancha Peláez e o nome dos confirmantes e coa súa subscrición asumiu a responsabilidade do contido do documento e a súa autenticidade. Despois das subscricións do **scriptor** e da doante aparecen unhas cruces; trátase do **signum**, que xunto ao crismón co que se inicia o texto, validan e autentican o documento.

Esta doazón datada no ano 1231 da **era hispana** -é dicir, no 1193 da era cristiá- é o orixinal máis antigo dos 17 pergamiños de Santa Cristina de Ribas de Sil que se conservan no Arquivo Histórico Provincial de Ourense (AHPOu). Ademais, o AHPOu custodia outra

moita documentación en papel de Santa Cristina dentro do fondo do **Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil**, xa que en 1517, con motivo da reforma observante, aquel pasou a depender deste con categoría de priorado.

Santa Cristina de Ribas de Sil foi un dos máis de trinta cenobios medievais situados no que hoxe coñecemos como **Ribeira Sacra**. As edificacións que sobreviviron ao paso tempo atópanse na ladeira dun meandro do canón do **río Sil** rodeadas por un frondoso bosque de carballos e castaños nunha paraxe de gran beleza paisaxística. Crese que puido ser fundado no século IX, se ben é pouca a información coa que se conta para antes do XIII. Neste momento xa abrazara a **regra de San Bieito de Nursia**. Malia ser un mosteiro de pequeno tamaño e mediana riqueza contaba cun **couto** propio que se estendía pola súa contorna.

1193, [Santa Cristina de Ribas de Sil]

Doazón outorgada por Sancha Peláez ao abade e monxes do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil de dous casais de herdade en Teimende e Chandrexa.

Pergamiño, escritura carolina; latín; 129 x 252 mm.

AHPOu, Mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, Carp. 13/1

Ano Europeo do Patrimonio Cultural

O 17 de maio de 2017 o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea aprobaron a Decisión pola que se establecía a declaración do Ano Europeo do Patrimonio Cultural 2018. Nela maniféstase que o **patrimonio cultural** dá forma á nosa identidade e vida cotiá a través de distintas manifestacións: edificios, cidades históricas e sitios arqueolóxicos, documentos, libros, obras de arte, linguas e tradicións orais, artesanía, paisaxe, flora e fauna, comida ... Este patrimonio compartido debe ser entendido, apreciado e celebrado. Por iso é fundamental preservalo e transmitilo ás xeracións futuras.

A Xunta de Galicia únese a esta iniciativa con actividades centradas en determinados aspectos do patrimonio. Algúns dos **fondos monásticos** que conservamos no AHPOu reúnen en si varios destes aspectos, xa que son a un tempo **patrimonio documental, patrimonio monástico** e proceden da Ribeira Sacra.

Na actualidade, **Ribeira Sacra** é un topónimo referido ao territorio integrado polos municipios situados na confluencia dos ríos Sil e Miño onde se observa unha especial concentración de fundacións monásticas medievais. É unha **paisaxe cultural** transformada ao longo do tempo pola acción humana na que a presenza do factor relixioso deixou unha pegada notable. Reúne as máis variadas manifestacións do patrimonio cultural.

O nome foi acuñado por **frei Antonio Yepes** no século XVII cando transcribiu a expresión *Rivoira Sacrata* a partir dun documento fundacional do **Mosteiro de Montederramo** de 1124, que se traduce como “Ribeira Sacra”. Posteriormente transcribiuse como *Rovoyra Sacrata*, é dicir co significado de “carballeira sagrada”.

Historia dos fondos monásticos da Ribeira Sacra do AHPOu

Desde o século VI a beleza paisaxística e o afastamento da civilización da Ribeira Sacra atraeron a eremitas e comunidades relixiosas que buscaban un lugar de retiro espiritual. A partir do século XI, esas fundacións monásticas abrazaron a **Regra de San Bieito**; algunha, como Pombeiro, vinculouse a **Cluny** e outras, como Montederramo e Xunqueira de Espadanedo incorporáronse ao **Cister** dende finais do século XII.

Durante esa época transformáronse en institucións de gran **poder económico, social e político** grazas ás xenerosas **doazóns** territoriais e xurisdicionais da monarquía. Isto, xunto ás doazóns da nobreza, como a de Sancha Peláez que protagoniza este número de *Fron-da*, converteron os mosteiros en grandes propietarios. Por todo iso, máis alá da súa intrínseca función espiritual e cultural, actuaron como axentes de feudalización e foron institucións fundamentais na organización das sociedades das épocas medieval e moderna. Os seus patrimonios acabaron explotados de maneira indirecta a través de contratos agrarios concertados con campeños e fidalgos. Desde o século XIII o **foro** foi o contrato máis habitual.

A **reforma do clero regular** alentada polos Reis

Católicos entre finais do século XV e principios do XVI pretendía arranxar os estragos que a grave **crise** dos séculos XIV e XV inflixira sobre mosteiros e conventos. Esta reforma supuxo un renacer do monacato a pesar de que algúns cenobios, como Santa Cristina, foron reducidos a simples priorados sometidos a unhas poucas casas matrices.

Aínda que o fundamento da vida dos mosteiros eran as actividades espirituais dos monxes, a inmensa maioría da **documentación** que conservamos é froito da xestión dos seus patrimonios, de aí que nela se vexa mellor reflectido o funcionamento da sociedade na que foi xerada que a propia vida intramuros da comunidade monástica.



Fotografía das portadas románicas do mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil realizada por M. Chamoso Lamas. AHPOu, Colección fotográfica, 6/33.

No AHPOu consérvanse os fondos de varios mosteiros e priorados da Ribeira Sacra que ficaron nas dependencias de Facenda despois da **Desamortización** do século XIX. Pode dicirse que o volume de cada fondo é proporcional á importancia de cada casa. Así, o máis voluminoso é o do mosteiro bieito de **Santo Estevo de Ribas de Sil** con 60 caixas, 46 libros e 113 pergamiños que comprenden un período que vai de 1156 a 1835. Este fondo inclúe a documentación dos priorados de **Pombeiro** e de **Santa Cristina de Ribas de Sil**.

Con Santo Estevo rivalizaba en importancia o Mosteiro de **Montederramo** cuxo fondo conta con 23 caixas, 74 libros e 18 pergamiños e datas extremas que abarcan de 1235 a 1835. Do Mosteiro de **Xunqueira de Espadanedo** consérvanse 6 caixas, 30 libros e 2 pergamiños con datas extremas que van de 1467 a 1835.

Por último, hai que mencionar a **San Pedro de Rocas**, a fundación monástica máis antiga que se documenta en Galicia, datada no ano 573. Dende finais do século XII foi priorado do Mosteiro de Celanova, polo que a súa documentación atópase dentro do fondo da súa casa matriz.



ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es



XUNTA
DE GALICIA